

MEMORIA DO OBRADOIRO

NOTAS PRELIMINARES.- O obradoiro levouse a cabo entre o 18 de abril e o 16 de maio, tendo unha duración de 5 xornadas de 100 minutos cada unha e suxeitas a 2 diferentes horarios, un a primeira e outro a media mañá (8,45 e 11,45), contando coa participación de 27 alumnos de 4º curso.

LIMIAR.- Confeso que ao saber que ao obradoiro ían asistir o número de alumnos anteditos, sentín unha certa sufocación, xa que a finais do ano pasado dera un en Guitiriz con 21 e aínda que o levara ben, xa consideraba ese un número excesivo. Ao meu ver o ideal está ao redor dos 15, antes menos que máis.

DESENVOLVEMENTO: Afortunadamente ás veces nada resulta como estaba previsto e a pesar do número excesivo (dos 25 nunca baixou a asistencia), atopeime cuns rapaces que axiña lle empezaron a coller gusto a iso de contar eles historias. Decidín que non debía de pararme demasiado en explicacións que puideran soarlles a clase e (xa o fixera no impartido en Guitiriz, aínda que non tan rotundamente), apostei porque escribir lles pareceuse algo verdadeiramente divertido. Logreino un pouco o primeiro día e nos seguintes a cousa foi a máis, porque os traballos que consideraba de maior calidade, pasábaos a máquina, corrixindo ortografía e sintaxe, entregándonos ao día seguinte e anunciándolles a posibilidade de que os seleccionados puidesen ser pendurados da web da AELG. A afección medraba día tras día e coido que hai traballos moi interesantes. Dada a pouca marxe de tempo, ocupeime máis de "enganchalos" que de facer un obradoiro técnico e parcelado.

CONCLUSIÓN.- Logo de rematado este obradoiro, case consecutivo do de Guitiriz e de semellantes características en canto tempo a dispor (antes fñera obradoiros de unicamente unha ou dúas xornadas), idade e case mesmo cantidade de alumnado, a conclusión máis importante que saquei foi que debo ser eu o que me adapte a eles e non ao revés. No de Guitiriz gustaban de ler e mesmo había xente que recitaba con grata e enfatizaba e inflexionaba nas prosas que

se lles convidaba a ler, por iso houbo quizais menos recolleita de exercicios escritos que neste de Vilalba no que non eran tan amantes da lectura, pero si doutros exercicios verbais como o chamado *Desbarre oral* que fixemos ao final dalgunha sesión e que se trata de montar unha pequena historia a partir de calquera parvada que a min se me ocorra (eles despois tiran por onde lles peca, manifestándose cada un cando lle vén á cabeza unha idea que pode casar coa historia). Disque lles encantou. E tamén lles gustaba *o xogo do rumor*, que utilizabamos cando cansaban e que se trataba de pasar de orella a orella calquera cousa que se lle ocorra ao primeiro para, cando finaliza a rolda, comparar o dito primeiro e o final, que sempre remata sendo un disparate. Propuxéronmo eles e eu aceptei, claro! Botabamos unhas risas e volvíamos a escribir historias, que era o que lles apaixonaba aos meus rapaces de Vilalba, que tiñan para elas moita chispa literaria.